

GRAO PROFESIONAL

A finalidade do grao profesional é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Curriculo

Os estudos de grao profesional constan de 6 cursos, cada un dos cales ten unha duración dun curso escolar (de setembro a xuño). As materias que se imparten en cada un destes cursos varía segundo a especialidade instrumental e o curso. No primeiro e segundo curso as materias que se imparten, en condicións normais, son as seguintes:

- Instrumento (individual) : 1 hora á semana
- Linguaxe musical: grupos de 12-15 alumnos, 2 horas á semana (en días alternos)
- Conxunto: colectiva de instrumento (1 hora á semana) / ou Idiomas aplicados non caso de Canto
- Orquestra, Banda ou Coro: 1,5 hora á semana en horario fixo

Podes consultar os planes de estudos dos distintos instrumentos na páxina web:

<https://conservatoriomanuelquiroga.gal/web/grao-profesional/>

A cualificación negativa en tres ou máis materias impedirá a promoción do alumno/a ao curso superior. A cualificación negativa de dúas materias permitirá a promoción ao curso seguinte.

O límite de permanencia en cada curso de grao medio será de dous anos, non podendo permanecer máis de oito no total do grao.

Publicación das listas e horarios das materias de
Linguaxe Musical, Coro, Orquestra e Banda provisionais
→ Primeira semana de Xullo*

Presentacións (elección de horario de instrumento co profesor)

Clases instrumentais individuais e conxunto no seu caso: principios de SETEMBRO*

→ COMEZO DA ACTIVIDADE LECTIVA PREVISTO: 8 DE SETEMBRO*